

LOS AITAS

Borja Cobeaga, 2024

1483

ESTREA EN NUMAX: 21.03.2025 | V.O. | +12 | 88 min

Na periferia obreira do Bilbao de finais dos 80, un equipo infantil de ximnasia rítmica ten a oportunidade de participar dun campionato en Berlín. Ante a imposibilidade de que as nais acompañen as súas fillas, a tarefa vai recaer nos pais, que non parecen moi interesados na viaxe, nin nese deporte, nin mesmo nas súas propias fillas.



Os aitas

Por Borja Cobeaga

Tiña claro que algún día escribiría un guión sobre ser pai. A pesar de que o meu fillo ten xa cinco anos ata o de agora non atopara o vehículo para contar a miña experiencia. As alegrías, preocupacións, afectos e desvelos da paternidade son moitas pero a min interesábame particularmente unha estampa: eu contemplando ao meu fillo vendo a televisión.

Por unha banda é un momento tranquilo, de paz, porque está concentrado nos seus debuxos e non está a buscar a túa atención para xogar ao pilla-pilla, por exemplo, que é esgotador para un tipo de máis de 40 anos como eu. Pero doutra banda está a culpa: plántoo diante da tele porque é o cómodo e non podes permitir que quede aí mirando a pantalla durante horas como un zombie.

Nese punto, é tentador pensar que ti te criaches vendo horas e horas de tele e en realidade non pasou nada. Non saíu nada mal. Saíches “normal”. Pero, é iso certo? Desta pregunta xorde o que quero contar en *Los aitas*. Porque eu non fun educado da mesma forma que o meu fillo.

Basicamente porque eu non son o meu pai e seguramente o meu avó fíxoo con el dunha forma distinta. En poucos anos, os modelos de paternidade sucedéronse vertixinosamente. O teu pai tivome con 20 anos, e eu teño o dobre de idade cando o o meu fillo naceu. A miña nai era ama de casa, e a miña muller traballa nunha oficina. O meu pai púñame diante da tele cada tarde e eu escandalízome se o meu fillo ve demasiados capítulos da “Patrulla Canina”. Ao final o que quero contar ten que ver con ser pai pero tamén con ser fillo.

De aí situar a historia en 1989, porque é un momento en que o mundo cambia pero tamén o rol de pai está a transformarse. A caída do muro de Berlín ou das chemineas de Altos fornos de Biscaia simbolizan un punto de non retorno: o que nos parecía eterno, desaparece.

Ese cambio vivino cando máis ou menos tiña a idade das nenas protagonistas. Neses anos, o meu pai era como algún dos pais do guión e os pais dos meus amigos gardaban parecido co resto de personaxes de pais. Eran anos duros de atentados de ETA, o paro medraba e en Euskadi poucos oíran falar da palabra Guggenheim. Pero a pesar desa aridez cotiá, dese peso que o escritor Bernardo Atxaga dicía que levabamos os vascos (“Cando nos liberemos del, imos levar dous metros por riba do chan”, afirmou), había risas. Ás veces era unha risa desas de rir por non chorar pero aí macerou o que anos despois plasmariamos en *Vaya semanita* (Borja Cobeaga / Javier Vicuña, 2003) ou *Oito apelidos vascos* (Emilio Martínez-Lázaro, 2014).

Que se podía ser vasco e ademais divertido .Por iso *Los aitas* é unha comedia, porque a viaxe de Bilbao a Berlín dos protagonistas serve para reflexionar sobre as diferentes maneiras de ser pai e ser fillo (fillas neste caso) desde o humor e a tenrura. Un traxecto en autobús no que os pais caen na conta de que o seu mundo xa non é o que era e que as regras coas que medraron mudaron. Que ese “ser normal” xa non significa nada porque se hai un concepto que caduca rápido é a normalidade.